

**Prego de Cláusulas Particulares para a
Contratación por Parque Tecnológico
de Galicia, S.A. do subministro e
instalación de equipamento para o
Centro de Cirurxía Experimental de
Tecnópole.**



Parque Tecnológico de Galicia, S.A.

1. Táboa de Contidos

1. Táboa de Contidos	2
2. Ámbito do Prego	4
3. Cadro de características do contrato	4
4. Natureza e extensión das necesidades a satisfacer a través da presente licitación.....	7
5. Obxecto do prego	8
6. Documentación con valor contractual.....	9
7. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante.....	9
8. Procedemento de adxudicación.....	9
9. Capacidade e solvencia das empresas.....	9
10. Garantía provisional.....	10
11. Contido das proposicións.....	10
11.1.1.Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP.....	11
11.1.2. Documentos acreditativos da representación	12
11.1.3. Solvencia económica e financeira	13
11.1.4. Solvencia técnica.....	13
11.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.....	13
12. Proposicións simultáneas.....	14
13. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións.....	15
14. Comisión de selección, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.....	17
15. Criterios para a adxudicación do contrato.....	17
16. Valores desproporcionados ou anormais.....	18
17. Adxudicación provisional e definitiva.....	18
18. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato.....	20
19. Prazo de execución do contrato.....	21
20. Gastos.....	21
21. Obrigas do adxudicatario.....	21
22. Presuposto e forma de pago ao adxudicatario.....	24
23. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.....	25
24. Dereitos do órgano de contratación.....	25
25. Prescricións técnicas esixibles ás prestacións.....	25
25.1.1 Representante de PTG, S.A.....	25
25.1.2. Dirección técnica.....	25

26.	Contido do contrato	26
27.	Penalizacións por demora.....	26
28.	Subcontratación.....	27
29.	Extinción de contrato	27
30.	Consecuencias da resolución	27
31.	Causas de resolución.....	28
Anexo I	29

2. Ámbito do Prego

O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que han de rexer a contratación por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (en adiante PTG, S.A.) do subministro e instalación de equipamento para o Centro de Cirurxía Experimental do PTG, SA situado no edificio Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Os dereitos e obrigas das partes que se derivan da execución do contrato que se saca a concurso rexeranse en canto á súa aplicación e interpretación polo establecido no contrato, nos Pregos, nas instrucións internas de contratación de PTG, S.A., e, só no non previsto expresamente, polas normas de Dereito Privado que resulten de aplicación ao contrato.

3. Cadro de características do contrato

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº: PTG 5/2010

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O Consello de Administración de PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A. cuxa función de contratación está delegada na persoa do seu vicepresidente e conselleiro delegado.

1. OBXECTO DO CONTRATO:

Subministro e Instalación de equipamento para o Centro de Cirurxía Experimental de Tecnópole, no edificio Tecnópole I dentro do recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no concello de San Cibrao das Viñas (Ourense).

- 1.1. O obxecto da presente contratación é a compra ou adquisición dos produtos ou bens mobles que se indican neste prego en e cuxas especificacións técnicas se describen no Prego de Prescricións Técnicas que figuran como Anexo I.
- 1.2. No presente contrato prevese a existencia dos lotes enunciados no punto 3 do presente cadro de características. Cada un dos licitadores poderá licitar pola totalidade ou por algún ou algúns destes. En caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote.
- 1.3. O subministro efectuarase conforme ás condicións que figuran no presente prego de cláusulas particulares e no prego de prescricións técnicas que figuran no Anexo I, os cales terán carácter contractual.
- 1.4. O subministro inclúe a distribución, a montaxe e a instalación e posta en marcha, caso de ser necesario, dos bens obxecto da contratación.

2. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN E TIPO DE CONTRATO

Procedemento de Adjudicación: ABERTO

Tipo de contrato: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO.

3. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Orzamento máximo de licitación: 1.485.000,00 euros (IVE non incluído) .

Desagregado nos seguintes lotes:

Lote 1: Equipamento para quirófano integrado de altas prestacións. 290.000,00€

Lote 2: Equipamento de Laparoscopia avanzada . 272.000,00€

Lote 3: Instrumental de Fetoscopia e Ópticas de Laparoscopia. 40.000,00€

Lote 4: Equipamento Área de Cirurxía Minimamente Invasiva. 268.000,00€

Lote 5: Equipamento de Soportes, Iluminación, Mesas Cirúrxicas e Anestesia. 235.000,00€

Lote 6: Equipamento de Simulación. 300.000,00€

Lote 7: Equipamento Adicional. 80.000,00€

4. REVISIÓN DE PREZOS

Non se contempla.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As proposicións poderán presentarse:

a) Por correo certificado ou entrega persoal no domicilio social de Parque Tecnológico de Galicia S.A., no edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense), en horario de 9.00 da mañá ata as 14.00 da tarde.

b) Prazo de presentación de Ofertas: 10 días naturais dende a data de publicación do anuncio no perfil do contratante.

6. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

6.1. VALORACIÓNS:

- **VALORACIÓN TÉCNICA (de 0 a 4 puntos):** valorarase a proposta , de acordo cos criterios seguintes:
 - Medios técnicos relacionados co subministro (equipos, medios especiais, programa de desenvolvemento dos traballos de instalación e garantía)
 - Medios humanos e de control da calidade do servizo (organigrama funcional, persoal técnico, apoio técnico adicional ,experiencia profesional) .
 - Coñecemento do proxecto e a implantación do oferente na zona xeográfica onde se van subministrar os equipos.

- **VALORACIÓN ECONÓMICA (de 0 a 3 puntos):** Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o tipo de licitación establecido neste prego e con tres (3) puntos a oferta que propoña o mellor prezo. Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas cuxo prezo se encontrase comprendido dentro deste tramo realizarase mediante un cálculo proporcional. Quedarán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento máximo de licitación.

- **MELLORAS (de 0 a 3 puntos):**

Os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas, que co mesmo ou distinto prezo, pero sempre igual ou inferior ao presuposto / prezo de licitación, incorporen solucións ou alternativas ás definidas nas prescricións técnicas que figuran como Anexo I e que, de ser o caso, se acomoden ás condicións e elementos e número que se especifican.

As variantes deberán especificarse conforme ao seguinte criterio identificativo: Oferta base, variante 1, variante 2, etc. precisando sobre que elementos e en que condicións.

6.2. VALORES DESPROPORCIONADOS OU ANORMAIS

Estarase ao disposto na cláusula 16 do presente prego.

7. GASTOS DE PUBLICIDADE

Importe máximo a pagar polo adxudicatario: custo do anuncio en prensa.

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección está composta por:

- Presidente: responsable do Departamento de Servizos Xerais
- Secretario: Un responsable do departamento de administración
- Vogais: Dous responsables do departamento de proxectos

9. GARANTÍA PROVISIONAL: Non se solicita.

10. GARANTÍA DEFINITIVA: o adxudicatario estará obrigado a constituír unha fianza definitiva a favor de PTG, S.A. por importe igual ao 4% do importe da adxudicación, IVE excluído, dentro dos cinco días seguintes á notificación da adxudicación.

11. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE:

Centro Xestor: Parque Tecnolóxico de Galicia

Teléfono: 988 368100 Fax: 988 368101

e-mail gerencia@tecnopole.es

12. PRAZO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN

Estarase ao disposto na cláusula 19 do presente prego.

13. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

Segundo os criterios recollidos nos artigos 63 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

4. Natureza e extensión das necesidades a satisfacer a través da presente licitación.

A sociedade xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., é o único ente creado para levar a cabo as accións de posta en marcha, xestión e supervisión de todas as actividades que se xeren e desenvolvan na súa superficie, urbanización, zona institucional e no

Centro de Empresas e Innovación, do devandito parque.

Mediante a presente licitación preténdese a contratación do servizo de subministro e instalación de equipamento para quirófano experimental de cirurxía minimamente invasiva no Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia referido ao proxecto TECMEVA

5. Obxecto do prego

É obxecto do presente Prego de Condicións a regulación das condicións de contratación para , mediante procedemento aberto, adjudicar o contrato de subministro e instalación de equipamento para quirófano experimental no Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia, de acordo coas especificacións contidas neste prego.

O contrato axustarase ao presente prego , cuxo contido se considerará parte integrante daquel, e cuxas cláusulas e prescricións deben rexer a execución e condicións da prestación.

O equipamento ao que fai referencia o presente prego descomponse nos lotes descritos no Anexo I de prescricións técnicas.

Natureza e réxime xurídico.

O contrato que se subscriba ao amparo do presente Prego terá natureza privada, e rexeráse:

a) En canto á súa preparación e adjudicación, polo establecido no presente Prego e nas Instrucións Internas de Contratación de PTG, e para o non previsto nelas, será de aplicación:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, en todo aquilo que non resulte contrario á LCSP.

b) En canto aos seus efectos e extinción, polas normas de Dereito Privado.

A orde xurisdicional civil será a competente para resolver as cuestións litixiosas que afecten á preparación e adjudicación do presente contrato, así como as que se susciten en relación aos efectos, cumprimento e extinción deste.

Os licitadores renuncian expresamente ao foro xurisdicional que, de ser o caso, puidese corresponderlles, someténdose expresamente á xurisdición dos xulgados ou tribunais da cidade de

Ourense.

6. Documentación con valor contractual.

Terán valor contractual, coa seguinte orde de prelación, os seguintes documentos:

1º O contrato

2º A oferta do licitador, en todo aquilo que non contraveña o prego e demais normativa de aplicación.

3º O Prego.

4º Calquera outra documentación adicional á que se lle atribúa tal valor no presente Prego de Condicións.

7. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante.

O órgano de contratación é o Consello de Administración da sociedade Parque Tecnológico de Galicia S.A., cuxa función de contratación está delegada na persoa do vicepresidente e conselleiro delegado deste.

O acceso ao perfil do contratante de PTG S.A., realizarase a través da páxina web www.tecnopole.es.

8. Procedemento de adxudicación.

O contrato obxecto do presente Prego de Condicións será adxudicado mediante procedemento aberto, de tal maneira que a adxudicación deste recaerá na oferta economicamente máis vantaxosa, é dicir, aquela que obteña máis número de puntos de conformidade cos criterios de valoración contidos no presente Prego de Condicións.

9. Capacidade e solvencia das empresas.

Estarán facultadas para contratar con PTG as persoas físicas e xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. A proba de non atoparse incursas nunha prohibición de contratar realizarase de conformidade co establecido polo

artigo 62 da LCSP.

Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do presente contrato.

Así mesmo, será requisito para contratar con PTG que as persoas físicas e xurídicas teñan unha finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional de conformidade cos artigos 64 e seguintes da LCSP.

De presentarse á licitación unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, non será necesaria a formalización destas en escritura pública en tanto en canto non sexan adjudicatarias. Non obstante, os empresarios integrados nela indicarán os seus nomes e circunstancias, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adjudicataria.

Así mesmo, deberán obrigarse todos os seus membros solidariamente ante PTG e nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes ante a sociedade para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa. A duración das unións temporais de empresarios serán coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Se durante a tramitación do procedemento e antes da súa adjudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederaa na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia nas condicións esixidas no prego de condicións para poder participar no procedemento de adjudicación de conformidade co art. 133 da LCSP.

10. Garantía provisional.

Non se esixe garantía provisional.

11. Contido das proposicións.

A documentación para a presente licitación presentárase en sobre pechado, de forma que se garanta o segredo da oferta, identificado no seu exterior, con indicación da licitación á que concorre, e firmado polo licitador, ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

As proposicións efectuaranse en tres sobres, debidamente pechados e selados, identificados coas letras A, B e C, nos que se incluíra a documentación que a continuación se indica:

11.1. Sobre A – Documentación Administrativa.

No sobre A incluíranse os seguintes documentos, orixinais, copia ou fotocopia destes, acompañados, en folia independente, dunha relación de todos os documentos que o licitador inclúa neste sobre.

11.1.1. Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP.

1.- En caso de empresarios individuais, deberán presentar fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa, con expresión das circunstancias persoais e o domicilio.

2.- As persoas xurídicas deberán achegar escritura de constitución e/ou modificación, de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatuto ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no correspondente Rexistro Oficial.

3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

4.- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

5.- Todos os licitadores deberán presentar unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Ourense, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional que puidese corresponder ao licitante.

6.- No suposto de que se presenten proposicións subscribas conxuntamente por varios empresarios como Unión Temporal de Empresas (UTE), incorporárase un compromiso polos licitadores para constituír unha UTE no caso de que sexan adxudicatarios. En todo caso, os empresarios que desexen concorrer integrados nelas deberán indicar na proposta os nomes e circunstancias dos que a constituían, a participación de cada un deles, caso de resultar adxudicatarios. O escrito haberá de estar firmado polos representantes das diversas empresas así como polo representante da agrupación ante a sociedade do parque para o período de licitación. Así mesmo, cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberán acreditar a súa capacidade de obrar.

7.- Testemuño xudicial ou certificación administrativa de non estar incursos en ningunha das prohibicións para contratar que se recollen no art. 49 da LCSP, actualizada á data de presentación desta documentación.

En defecto do anterior poderán substituírse os documentos anteriores por unha declaración responsable da capacidade do licitador outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

O testemuño xudicial, a certificación administrativa ou a declaración responsable referidas anteriormente deberán comprender expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva polo empresario en cuxo favor se vaia efectuar esta.

Ademais do anterior, deberán incluírse dentro das citadas declaracións ás que se refire o parágrafo anterior, expresa mención de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade que se recollen na Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Réxime de incompatibilidades da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración.

11.1.2. Documentos acreditativos da representación

Os que comparezan e firmen proposicións en nome doutro deberán presentar copia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.

Se o licitador fose unha persoa individual, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

Se o licitador fose unha persoa xurídica, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente destes documentos, presentarase ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil.

Coa finalidade de xustificar axeitadamente a representación ante o órgano de contratación, acompañarase o correspondente poder declarado bastante por un Letrado da Xunta de Galicia, outorgado ao seu favor, en caso de que actuase en representación dun terceiro ou dunha persoa xurídica.

11.1.3. Solvencia económica e financeira

Os licitadores, tanto nacionais como estranxeiros, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira de acordo co disposto no artigo 64 da LCSP.

11.1.4. Solvencia técnica

A solvencia técnica ou profesional dos licitadores acreditarase de conformidade co previsto no artigo 66 da LCSP.

11.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

De acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 262/2001, de 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora daquel, os licitadores inscritos no citado Rexistro quedarán exonerados de achegar a documentación que se atope vixente no dito Rexistro o último día de presentación das proposicións relativa á acreditación da capacidade xurídica, representación e clasificación, se é o caso. Tampouco terá o licitador inscrito no Rexistro de Contratistas que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias coa facenda estatal, coa autonómica galega e coa Seguridade Social, nin a xustificación de estar de alta e ao corrente do Imposto de Actividades Económicas (ou acreditativa da exención), no caso de que obren en poder do dito Rexistro e estean vixentes no último día do prazo para presentar proposicións. Nestes casos, o licitador deberá achegar unha certificación acreditativa da inscrición no citado Rexistro con indicación expresa do estado da documentación obrante neste.

De conformidade co artigo 73 da LCSP e 19 do RD 817/2009, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación, a teor de reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste.

11.2. Sobre B – Proposta económica.

A presentación da proposta económica supón a aceptación incondicionada por parte do licitador

do contido da totalidade do prego de condicións e das prescricións técnicas, e así deberá indicarse expresamente.

A oferta efectuarase pola totalidade da prestación obxecto do contrato, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles e, a excepción do Imposto sobre o Valor Engadido, polo que o licitador propón a realización dos servizos recollidos no presente prego e na súa proposta técnica.

11.3. Sobre C – Proposta técnica.

A proposición técnica será formulada de conformidade coas prescricións técnicas que se desenvolven no presente prego.

A presentación desta proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario da totalidade das cláusulas relativas ás prescricións técnicas, das demais cláusulas do prego de condicións e do cadro de características que o precede, sen reserva nin salvidade ningunha, e así debe manifestalo na súa proposta.

Documentación técnica a achegar:

- Presentación xeral da empresa.
- Relación dos principais proxectos realizados no último ano, no que se inclúa datas, destinatarios e importe.
- Ofertas técnicas do licitador: as empresas licitadoras deberán confeccionar a oferta técnica conforme aos seguintes criterios:
 - Plan xeral de actuación no período de contrato, indicando o desenvolvemento de todas as actuacións a realizar en materia tanto preventiva como correctiva e técnico - legal.
 - Medios persoais adscritos ao servizo ofertado, con detalle dos postos de traballo por categorías e xornada de cada traballador e a distribución de quendas.
 - Estrutura de funcionamento da empresa para o desenvolvemento dos traballos.
 - Medios materiais, ferramentas, equipos de medida e control, etc., a achegar polo adxudicatario.
 - Referencias a outros servizos similares.
 - Presentación dunha proposta de xestión dos residuos propios e xerados polos traballos desenvolvidos nos edificios.
 - Plan de seguridade para a execución do contrato. Medidas e medios de seguridade.
 - Plan de calidade do servizo ofertado.
 - Canta outra información complementaria se estime oportuno achegar.

12. .Proposicións simultáneas.

Na licitación do contrato regulado no presente Prego, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 131 da LCSP respecto da admisibilidade de variantes ou melloras.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción do previsto nos dous parágrafos anteriores por algún dos licitadores dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

13. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións.

13.1. Lugar e prazo de presentación das proposicións

O prazo de presentación das ofertas será de 10 días naturais contados a partir da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

En canto ao lugar de presentación das proposicións, estas deberán ser remitidas por correo certificado ou entrega persoal no enderezo Parque Tecnológico de Galicia, S.A., 32900 San Cibrao das Viñas (Ourense), á atención da directora, en horario de 9.00 da mañá ata as 14.00 da tarde.

Se algunha empresa licitadora considera oportuno algún tipo de aclaración ou visita ás dependencias do PTG obxecto do prego, poderá solicitalo por escrito, fax (988 368 101) ou correo electrónico (gerencia@tecnopole.es) indicando o nome da empresa, un teléfono de contacto e o nome da persoa que vai realizar a visita, facilitándosele día e hora para a dita visita.

Cando as proposicións se envíen por correo certificado, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama o mesmo día. Tamén poderá anunciarse por correo electrónico. O envío do anuncio por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica de forma fidedigna ao remitente e ao destinatario. Neste suposto, procederase á obtención de copia impresa e ao seu rexistro, que se incorporará ao expediente.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Non obstante, non será admitida, en ningún caso, a documentación enviada por correo que non se recibise transcorridos 2 días hábiles dende a finalización do prazo fixado para a admisión de

propostas.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, esta non poderá ser retirada salvo por causa xustificada. Terminado o prazo de recepción, as oficinas receptoras expedirán certificación relacionada da documentación recibida ou da ausencia de licitadores, se é o caso, que xuntamente coa documentación remitirán ao secretario da Comisión de Selección.

Cando a proposición se presente nas dependencias sinaladas polo órgano de contratación, este rexistrará a solicitude de participación e devolverá unha copia selada desta como resguardo da participación.

13.2. Requisitos da documentación

A presentación de proposicións presume por parte do concorrente a aceptación incondicionada das cláusulas do presente Prego e dos restantes documentos que teñen carácter contractual, sen salvidade ou reserva ningunha, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar con PTG . Calquera salvidade entenderase en todo caso como non posta.

As proposicións presentaranse en lingua castelá e/ou galega e a información da proposta técnica debe facilitarse tanto en papel impreso como en soporte informático. En caso de discrepancia entre os datos ou información de ambos soportes prevalecerá a contida na documentación presentada en papel impreso.

As proposicións presentaranse escritas a máquina ou outro tipo de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.

A totalidade do custo da elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presentan á licitación será por conta dos licitadores, que non poderán reclamar compensación económica ningunha en caso de non resultar adxudicatarios.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscos que impidan coñecer claramente todo aquilo que PTG estime fundamental para a oferta, ou que incorra nos supostos establecidos no artigo 84 do RGCAP.

As ofertas terán unha validez de 6 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.

As proposicións serán secretas e quedarán baixo a custodia do responsable do Rexistro de PTG a disposición da Comisión de Selección, ata o momento sinalado para o acto de apertura de plicas.

Unha vez presentada a oferta, o licitador non poderá retirala, salvo nos casos expresamente

previstos no presente Prego ou na Lei 30/2007, quedando obrigado a cumprir o contrato, se lle fose definitivamente adxudicado, que será inalterable a partir do seu perfeccionamento, e deberá ser cumprido con estrita suxeición ás cláusulas e os pregos que lle serven de base, cuxas condicións xurídicas e económicas só poderán modificarse con base ás causas admitidas no presente Prego na lexislación aplicable.

14. Comisión de selección, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.

14.1. Comisión de Selección

O órgano de contratación, para a adxudicación do contrato, estará asistido dunha Comisión de Selección, constituída polas persoas que se indican no punto 8 do cadro de características do contrato.

En caso de ausencia de calquera dos seus membros, as persoas encargadas da designación destes nomearán aos que deban substituílos.

14.2. Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación.

A apertura das ofertas levarase a cabo polo órgano de contratación.

A apertura das ofertas económicas dos licitadores admitidos farase nun acto público, que se celebrará no lugar, data e hora sinalados no anuncio de licitación.

Concluída a lectura e tras o estudo e baremación das ofertas presentadas, no prazo máximo de 10 días naturais, a contar dende o último día de presentación de ofertas, a Comisión de Selección elevará proposta de adxudicación do contrato ao Órgano de Contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa unha vez valoradas todas as ofertas segundo o punto 6 deste prego, de conformidade co disposto no artigo 11 das Instrucións Internas de Contratación do PTG, tendo ademais a facultade de declarar deserto o concurso.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto fronte ao PTG.

15. Criterios para a adxudicación do contrato.

Os criterios de valoración a ter en conta para a adxudicación son os que se establecen no punto 6.1. do cadro resumo de características que acompaña a este Prego coa ponderación que no

dito apartado se recolle.

16. Valores desproporcionados ou anormais.

De acordo co artigo 135.2 da LCSP, a adxudicación ao licitador que presente a proposición economicamente máis vantaxosa non procederá cando o Órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores desproporcionados ou anormais.

Aos efectos previstos no artigo 136.2 da LCSP, consideraranse en principio desproporcionadas ou anormais, as propostas cuxas ofertas económicas se encontren nalgún dos supostos contemplados no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

17. Adxudicación provisional e definitiva.

17.1. Adxudicación provisional

Formulada proposta pola Comisión de Selección, o órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo aos criterios de adxudicación a que fai referencia o artigo 134 da LCSP, para cuxo efecto poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes, e adxudicará provisionalmente o contrato a favor da oferta economicamente máis vantaxosa unha vez valoradas todas as ofertas segundo o punto 6.1 do cadro de características do contrato deste prego, de conformidade co disposto no artigo 11 das Instrucións Internas de Contratación do PTG.

No prazo máximo de 5 días naturais dende a apertura das proposicións o órgano de contratación adxudicará provisionalmente o contrato de conformidade co artigo 145 da LCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando de conformidade co artigo 136 da LCSP o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados.

A adxudicación provisional será acordada polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante da sociedade, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 da LCSP en canto á información que debe facilitarse a aqueles inda que o prazo para a súa remisión sexa de 5 días hábiles.

Cando o órgano de contratación se aparte das propostas elevadas pola Comisión de Selección, deberá motivar a súa decisión.

De non ditarse o acordo de adxudicación dentro de prazo, os empresarios admitidos terán dereito a retirar a súa proposta e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestaran, de ser o caso.

Antes da adxudicación definitiva, as empresas que fosen resultar adxudicatarias deberán acreditar o requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social e Tributarias, impostas pola lexislación vixente no seguinte prazo e forma:

1.- Obrigas tributarias

Con carácter previo á adxudicación definitiva, e antes de que transcorran 3 días hábiles a contar dende a publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante da sociedade, a empresa que vaia resultar adxudicataria do contrato deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias. Para tal efecto, as circunstancias expresadas no artigo 13 do RGCAP acreditaranse mediante certificación administrativa expedida polo órgano competente (na cal se fará constar o carácter positivo ou negativo desta), excepto a circunstancia referida no art. 13.1.a), cuxa acreditación se efectuará mediante a presentación da alta e, de ser o caso, do último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

Ademais será necesario, para efecto de que quede constancia da non existencia de débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación administrativa expedida polo órgano competente desta.

2.- Obrigas de Seguridade Social

Con carácter previo á adxudicación definitiva, e antes de que transcorran 3 días hábiles a contar dende a publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante da sociedade, a empresa que vaia resultar adxudicataria do contrato deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. Para tal efecto as circunstancias expresadas no artigo 14 do RGCAP, acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente, na cal deberá facerse constar o seu carácter positivo ou negativo.

Non obstante, cando a empresa non estea obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os citados artigos 13 e 14 do RGCAP, acreditarase esta circunstancia mediante declaración responsable.

17.2. Adxudicación definitiva

A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores de acordo co artigo 137 da LCSP.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, o órgano de contratación comunicará a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación ao seu favor, observándose respecto da comunicación o disposto no parágrafo anterior.

A adxudicación definitiva do contrato publicarase no perfil de contratante da sociedade.

17.3. Perfeccionamento do contrato

O contrato perfeccionarase coa notificación á adxudicataria da adxudicación definitiva da súa oferta, sempre que se constituíra a garantía definitiva.

18. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato.

18.1. Garantía definitiva

O licitador que resulte adxudicatario provisional deberá acreditar, en calquera das modalidades especificadas no artigo 84 da LCSP, no prazo de cinco días naturais, contados a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación provisional do contrato, a constitución dunha garantía definitiva, por importe do 4% do importe da adxudicación, IVE excluído, debendo acreditarse a súa constitución mediante a entrega do correspondente xustificante ante o órgano de contratación. O incumprimento deste requisito por causas imputables ao licitador implicará que o órgano de contratación declare decaída a adxudicación provisional feita ao seu favor sendo de aplicación o disposto no artigo 135.5 da LCSP.

18.2. Gastos de anuncios

O adxudicatario acreditará ante o órgano de contratación o pago dos gastos de publicación do anuncio de licitación no caso de que se decidise publicar este nalgún diario oficial ou na prensa.

18.3. Formalización do contrato

Será condición esencial do contrato que no prazo máximo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte á notificación da adxudicación definitiva, o adxudicatario subscriba o correspondente contrato privado de prestación de servizos de subministro e instalación de equipamento.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o adxudicatario, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a sociedade poderá acordar a resolución deste.

19. Prazo de execución do contrato.

Co fin de que a sociedade PTG, S.A. poida cumprir cos distintos prazos de xustificación ante o Ministerio de Ciencia e Innovación, estableceranse dous prazos para a entrega e facturación do equipamento:

- **Prazo 1:** a entrega e instalación realizárase antes do 30 de xuño de 2010 e o pago realizarase antes do 31 de xullo de 2010.

Neste prazo subministrárase e instalárase o equipamento dos lotes 1, 2, 4, 5 e 7.

- **Prazo 2:** a entrega e instalación realizarase antes do 31 de decembro de 2010 e o pago realizarase antes do 28 de febreiro de 2011.

Neste prazo subministrárase e instalárase o equipamento dos lotes 3 e 6.

É condición esencial do presente contrato que os equipos se atopen totalmente instalados no prazo pactado.

20. Gastos.

Serán por conta do adxudicatario os gastos e tributos da formalización do contrato, así como calquera imposto, taxas ou arbitrios de índole estatal, autonómica ou municipal, que puidesen gravar o contrato, e demais gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

21. Obrigas do adxudicatario.

Sen prexuízo das demais obrigas e responsabilidades, expresamente reflectidas neste Prego e no correspondente contrato, o adxudicatario contratado comprométese, na súa execución, ao cumprimento do seguinte:

21.1. Obriga principal

Será obriga principal do adxudicatario a execución do contrato ao seu risco e ventura, con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste Prego, no Prego de Prescricións Técnicas e demais normas

de aplicación.

21.2. Cumprimento de prazos

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato.

21.3. Dirección e organización do traballo

A empresa adxudicataria, baixo a supervisión da sociedade, achegará a súa propia dirección e xestión do contrato sendo responsable da organización da prestación contratada, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións realizadas.

Así mesmo, disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, cun responsable que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización da prestación obxecto do contrato, directrices, etc.

21.4. Obrigas laborais e sociais

O adxudicatario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

En particular, e de conformidade con previsto no artigo 3.2 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, no que se establecen disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras, cando na execución da instalación interveña máis dunha empresa e traballadores autónomos, ou diversos traballadores autónomos, antes do inicio dos traballos, ou tan pronto coma se constate a dita circunstancia, o PTG, designará como coordinador en materia de seguridade e saúde, durante a execución dos traballos de instalación, ao técnico competente nesta materia que exercerá a dita función.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a sociedade e o adxudicatario.

En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole acontecido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas acaden de ningún modo á sociedade.

É responsabilidade da empresa adxudicataria e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a sociedade completamente allea a estas relacións laborais. É responsabilidade da empresa adxudicataria facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

Á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar copia compulsada dos contratos laborais e parte de alta na Seguridade Social de cada traballador e, mensualmente, xustificación documental do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A non presentación destes comprobantes poderá dar lugar á denuncia deste servizo por parte de PTG, S.A.

21.5. Póliza de seguros e responsabilidade do adxudicatario fronte a terceiros

Formalizada a adxudicación, o adxudicatario deberá ter contratado ata a recepción total e conforme do equipamento as seguintes pólizas de seguros:

-Póliza de seguro de Responsabilidade Civil Xeral fronte a terceiros, polos danos que puidese ocasionar a estes durante a fase de subministro ou instalación do equipamento, ou por accións ou omisións deste ou dos seus operarios e empregados. A dita póliza de seguro terá un capital mínimo asegurado de 300.000 € e un límite por vítima de Terceiros e Patronal e Cruzada mínimo de 150.000 €, e coas seguintes garantías: Responsabilidade Civil de Explotación, Patronal, Cruzada, Post-Traballo, Danos a Lindeiros e Conducións Subterráneas e Aéreas, Danos a Preexistentes, Subsidiaria de Subcontratistas, Defensa Xurídica e Fianzas. Deberá de aparecer como asegurado adicional o PTG, S.A. Unha copia da dita póliza así como a fotocopia do recibo ao corrente de pago deberá entregarse coa documentación correspondente á oferta.

Así mesmo o adxudicatario do concurso deberá acompañar no momento da firma do contrato póliza de seguro de Todo Risco de Maquinaria ou Equipos Electrónicos, incluíndo entre as garantías propias do seguro a cobertura por danos de carga e descarga, transporte e montaxe dos equipos. A dita póliza de seguro deberá de cubrir durante o período desde a firma do contrato ata a entrega dos equipos incluíndo o período de proba. O capital asegurado deberá ser o correspondente ao valor do equipamento subministrado. O asegurado e beneficiario da póliza en caso de sinistro deberá de ser o PTG, S.A

En caso de sinistro que afecte á póliza de Responsabilidade Civil, as indemnizacións serán aplicadas ao pago dos danos a terceiros, sen que isto libere ao adxudicatario se a indemnización resultase insuficiente, do compromiso básico deste Contrato.

En caso de incumprimento desta obrigación polo adxudicatario, PTG, S.A. poderá subscribir as pólizas, cargándolle ao adxudicatario o importe das primas, sen prexuízo das reclamacións por danos derivados dese incumprimento a que PTG, S.A. puidese ter dereito.

En xeral, se en calquera momento se probase a existencia dalgunha reclamación de terceiros, directa ou indirectamente relacionados con este Contrato, imputable ao adxudicatario, e pola que PTG, S.A. presumiblemente puidese chegar a ter que responder, este terá dereito a reter calquera pago

debido ao adxudicatario segundo o contrato, en cantidade suficiente para atender esa posible reclamación mentres o adxudicatario non a atenda e, ata que a esixencia non se resolverse, incluso se é en vía xudicial.

22. Presuposto e forma de pago ao adxudicatario.

O presuposto máximo de licitación (que incluírá taxas e demais impostos incluídos, á excepción do IVE) para a realización dos traballos é de 1.485.000,00 euros que se divide nos seguintes lotes:

Lote 1: Equipamento para quirófano integrado de altas prestacións. 290.000,00€

Lote 2: Equipamento de Laparoscopia avanzada . 272.000,00€

Lote 3: Instrumental de Fetoscopia e Ópticas de Laparoscopia. 40.000,00€

Lote 4: Equipamento Área de Cirurxía Minimamente Invasiva. 268.000,00€

Lote 5: Equipamento de Soportes, Iluminación, Mesas Cirúrxicas e Anestesia. 235.000,00€

Lote 6: Equipamento de Simulación. 300.000,00€

Lote 7: Equipamento Adicional. 80.000,00€

Os pagos efectuaranse mediante transferencia bancaria á conta que para tal efecto designe o adxudicatario, logo da presentación da correspondente factura e aceptación desta polo órgano de contratación.

O pago efectuarase por PTG, S.A. no seguintes prazos unha vez realizada a entrada no Rexistro Xeral de PTG, S.A., da certificación que corresponda, xunto coa documentación que haberá de acompañar a esta.:

Prazo 1: o pago efectuarase antes do 31 de xullo de 2010.

Prazo 2 : o pago efectuarase antes do 28 de febreiro de 2011

Como requisito previo ao pago, o adxudicatario deberá remitir a factura e acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante certificación administrativa comprensiva dos seguintes extremos:

- Non existir co Estado, nin coa Administración Autonómica de Galicia, débedas de natureza tributaria.
- Estar ao corrente no pago das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social.

23. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.

Non está contemplada ningún tipo de subrogación

24. Dereitos do órgano de contratación.

Son dereitos do órgano de contratación os seguintes:

- Interpretar o contrato.
- Resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- Modificar o contrato nos termos previstos neste.
- Acordar a resolución do contrato e determinar os seus efectos

25. Prescricións técnicas esixibles ás prestacións.

25.1. Condicións do contrato.

25.1.1 Representante de PTG, S.A.

PTG, S.A. designará unha persoa, que será a Dirección de PTG, S.A. ou persoa en quen delegue (de aquí en adiante Dirección de PTG, S.A.), que a representará ante a empresa adxudicataria, e que someterá os traballos ás inspeccións que considere oportunas para comprobar que é conforme ás condicións do prego e da oferta aceptada.

25.1.2 Dirección técnica.

Existirá un responsable técnico por parte da empresa adxudicataria que desempeñará funcións de coordinador e supervisor dos traballos a prestar, que estará localizable durante a duración do contrato engadido o prazo de garantía as 24 horas do día, e informará á Dirección de PTG, S.A. (ou persoa en quen delegue) sobre a situación e estado de:

- Organización de recursos (humanos e materiais).
- Anomalías, incidentes e informes.
- Proposición de accións correctoras.

- Calquera outra información requirida pola Dirección do PTG.

Independentemente do informe do responsable técnico, a Dirección de PTG, S.A. poñerá en coñecemento do adxudicatario as deficiencias observadas, indicando as medidas que, ao seu xuízo, deben ser achegadas, as cales obrigarán ao adxudicatario.

26. Contido do contrato

As prescricións particulares do contrato que no seu día subscribirán PTG, S.A. e a adxudicataria serán as contidas no Anexo I, sen prexuízo do que expresamente se recolle no presente Prego e do contido do dito contrato.

27. Penalizacións por demora

A demora na finalización dos traballos, a criterio de PTG, S.A., supón unha penalización do 0,1% do presuposto de adxudicación, por cada día natural de atraso en cada un dos sinalados no plan de traballo, salvo o fito de terminación. Estas cantidades serán deducidas do pago que se teña que efectuar ao adxudicatario, e devoltas en caso de cumprirse o prazo final de terminación dos servizos de subministro e instalación de equipamentos.

O atraso na data de terminación levará aparellada a penalización do 0,10 % do presuposto de adxudicación por día natural de demora que será acumulable ás penalizacións establecidas para incumprimento de prazos parciais.

O fito de terminación entenderase cumprido cando a Dirección Facultativa emita documento de conformidade á totalidade.

Se terminado o prazo estipulado para a finalización do subministro e instalación e subsistisen defectos a corrixir ou partidas ou repasos a executar ordenados pola Dirección Facultativa, tendo instado ao adxudicatario a súa execución cun prazo razoable e expirado ese prazo, poderá realizarse o subministro por si ou por medio doutra contrata.

O custo xustificado do subministro e instalación de equipamento realizado deducirase da liquidación ao adxudicatario ou das retencións por garantía.

O importe destas penalidades non exclúe a indemnización de danos e perdas a que poida ter dereito PTG, S.A.

En todo caso a constitución en mora do adxudicatario non requirirá interpelación ou intimación previa por parte de PTG, S.A.

28. Subcontratación

O adxudicatario, na súa condición de contratista principal poderá subcontratar parcialmente a instalación dos equipamentos, logo do coñecemento e autorización de PTG, S.A., conforme á lexislación laboral, civil ou mercantil que sexa de aplicación a cada caso.

O adxudicatario poderá subcontratar parcialmente as instalacións, logo do coñecemento e autorización de PTG, S.A., conforme á lexislación laboral, civil ou mercantil que sexa de aplicación a cada caso. En calquera caso, o adxudicatario executará un mínimo do 40% desa instalación.

O adxudicatario responderá dos subadxudicatarios ante a Dirección Facultativa e PTG, S.A., en todo o que alcance a súa participación no subministro e equipamento e en particular no que se refire a situacións laborais de seguridade e saúde no traballo. A subcontratación non libera o adxudicatario da súa plena responsabilidade ante PTG, S.A.

En canto aos subadxudicatarios de instalacións (electricidade, fontanería, etc.) o adxudicatario dará conta á Dirección Facultativa e a PTG, S.A. coa suficiente antelación da casa instaladora que se propón contratar para a aprobación ou formulación de reparos por calquera de ambas.

PTG, S.A. poderá recusar subadxudicatarios logo do informe da Dirección Facultativa.

A fin de prever problemas no subministro e instalación por situacións de insolvencia, PTG, S.A. poderá esixir en calquera momento ao adxudicatario que xustifique encontrarse ao corrente das súas obrigacións de pago a subadxudicatarios e provedores neste servizo de subministro, xa polo realizado, ou por materiais incorporados nela.

En caso de detectarse ou preverse atrasos nos ditos pagos que corresponden directamente ao adxudicatario, PTG, S.A. poderá optar, suposto o recoñecemento por parte do adxudicatario do débito, a data do seu vencemento e a procedencia do pago, por pagar directamente aos citados acredores, sexa en metálico ou en letras aceptadas a favor deles. O importe destes pagos deducirao PTG, S.A. dos sucesivos pagos que correspondan ao adxudicatario, actualizando o importe nominal daqueles ao 20% anual, segundo os días de adianto ou atraso respecto do vencemento estipulado para o pago de PTG, S.A. ao adxudicatario.

29. Extinción de contrato

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, ou ben pola súa resolución.

30. Consecuencias da resolución

Cando o contrato se resolva por incumprimento do adxudicatario, seralle incautada a garantía definitiva e deberá ademais indemnizar a PTG, S.A. polos danos e perdas.

Cando o contrato se resolva por causas alleas ao adxudicatario aboaranse a este os equipamentos subministrados e instalados segundo liquidación da Dirección Facultativa aprobada por PTG, S.A.

En calquera caso o adxudicatario obrígase ao desaloxo inmediato do edificio unha vez reciba a notificación da propiedade que poderá ocupar material e fisicamente este simultaneamente ao desaloxo, concedéndose polo adxudicatario PTG, S.A. irrevogable autorización para isto polo feito de licitar.

31. Causas de resolución

PTG, S.A. poderá acordar a resolución do contrato no caso de que conorra algunha das seguintes causas:

- A suspensión de pagos, a quebra ou a disolución do adxudicatario. Bastando que PTG, S.A. teña datos obxectivos dos que resulten as dificultades económicas do adxudicatario que puidesen influír na correcta culminación do traballo.
- Mutuo acordo.
- A non formalización do contrato.
- Incumprimento de prazos parciais por parte do adxudicatario.
- Incumprimento de obrigacións contractuais do adxudicatario.
- Incumprimento do establecido na normativa vixente respecto das materias de prevención, seguridade e hixiene.
- A subcontratación sen solicitar a preceptiva autorización da Dirección Facultativa.
- A demora no inicio do subministro.
- A paralización no subministro ou na instalación por prazo superior a 1 mes.
- Abandono do servizo por parte do adxudicatario.
- A mala fe na execución dos servizos.
- Calquera outra indicada no presente Prego de Cláusulas ou no contrato que no seu día se subscriba que non fosen incluídas na relación anterior.

Anexo I

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE CIRURXÍA EXPERIMENTAL DE TECNÓPOLE

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a adquisición do equipamento que se detalla en cada un dos 7 lotes que se relacionan no ANEXO I, con destino ao Centro Experimental de Cirurxía minimamente invasiva situado no edificio Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia referido ao proxecto TECMEVA.

2. NORMATIVA.

Todos os produtos sanitarios e os seus accesorios obxecto do presente concurso deben reunir as condicións para a súa posta no mercado, posta en servizo e utilización establecidos no Real decreto 414/1996 de 1 de marzo, na Directiva do Consello 93/42/CE de 14 de xuño de 1993 e demais normativa sobre produtos sanitarios, en especial o RD 1976/1999 de 23 de decembro no seu capítulo 11, debendo acompañar á ficha técnica dos produtos copia dos certificados de marcado CE de produtos.

Os produtos e os seus accesorios deberán estar conformes, no momento no que se realice o seu subministro, coas condicións que lles sexan de aplicación constando a declaración conforme do fabricante que acredite o cumprimento das normas técnicas de aplicación obrigada, para cada un dos equipos que oferten.

3. DEFINICIÓN DA ADQUISICIÓN: CONDICIÓN E OBRIGACIÓN

A adquisición que se concurra, inclúe non só o subministro dos equipos senón tamén o cumprimento das condicións e obrigacións que se detallan e describen a continuación.

A. ADQUISICIÓN DE EQUIPO

Enténdese por equipo o conxunto completo do equipo, máquina ou aparato con todos os accesorios imprescindibles para o seu funcionamento. Enténdese tamén como equipo, para todos aqueles equipos que inclúan software, a actualización deste cando fose necesaria, así como as licenzas para o seu uso.

B. CONDICIÓN DO CONTRATO E OBRIGACIÓN DOS LICITADORES E/OU ADXUDICATARIOS

B.1. MANUAIS

Os adxudicatarios deberán entregar co equipo ao servizo destinatario e á Dirección do Centro, todos os Manuais integramente en castelán, correspondentes á descrición e operatividade do equipo, e que serán como mínimo os seguintes:

- De instalación: achegando ademais do manual de instalación, a información e rotulado sobre os equipos que representen un risco especial para o paciente.
- De uso: coas características do equipo, unha explicación detallada dos principios de funcionamento, dos controis, manexo e seguridade do paciente, alarmas e operacións rutinarias para verificación do funcionamento apropiado do equipo previo ao seu uso diario, etc.
- De mantemento e técnicos: incluírán esquemas eléctricos e mecánicos completos, despece, recambios e accesorios, operacións de mantemento preventivo, calibración e axuda na localización de avarías, etc.

Os rótulos, indicadores e etiquetas do equipo tamén deberán estar en castelán ou ser suficientemente explicativos.

B.2. INSTALACIÓN

A instalación íntegra os equipos, a súa instalación completa e a súa posta en marcha. A instalación comprende a entrega no edificio destinatario e a montaxe nos locais de destino definitivo, así como calquera outra operación requirida para a súa completa posta a disposición.

Entenderase por instalación a entrega do material ofertado, a súa distribución física, o proceso de colocación de ancoraxes e empotramentos, a conexión dos distintos subministros (eléctricos, gases, etc.) ao equipo, ata os cadros xerais de distribución destes (bandexas, soportes e outros), a conexión e posta en marcha do equipamento na súa situación definitiva.

Os produtos identificaranse de acordo a un procedemento de etiquetado que a Dirección do Centro indicará e entregaranse en condicións de funcionamento completo que inclúe a retirada de embalaxes ou calquera outro residuo que se produza na montaxe.

PROBA DE ACEPTACION

A empresa adjudicataria, unha vez instalado o equipo e en presenza de persoal tecnicamente cualificado autorizado polo Centro, realizará as probas necesarias que acrediten o funcionamento do equipo subministrado, quedando reflectida en Acta debidamente firmada polo responsable autorizado do centro e acreditará tanto a correspondencia do equipo e os seus compoñentes coa oferta realizada e adjudicada, como a correcta instalación e posta en funcionamento deste.

B.3. FORMACIÓN

Inclúe unha completa formación no manexo do equipo, na súa máis óptima utilización, tanto desde o punto de vista operativo como funcional, e que comprenderá como mínimo os módulos de:

- Aprendizaxe
- Asesoramento
- Actualizacións

Esta formación deberá ir dirixida ao persoal médico designado polo Centro para utilizar o equipo na forma prevista polo fabricante e efectuar as rutinas de servizo.

En caso de que o equipo subministrado forme parte dun sistema, a instrución do persoal estenderase ás funcións do sistema afectadas polo equipo subministrado.

A formación iniciárase antes de que o equipo empece a dar servizo efectivo e nos locais onde estea situado o equipo.

Así mesmo, o adxudicatario deberá achegar a documentación e información necesaria para facilitar a formación do persoal que efectuará as inspeccións periódicas e o mantemento preventivo necesarios unha vez transcorrido o prazo de garantía. Deberá expresar o seu compromiso de impartir, caso de ser requirido, un curso de formación técnica para o persoal que designe o Centro destinatario do equipo.

Deberá incluírse o programa específico dos cursos, profesorado e planificación prevista destes. A súa duración (en días/semana) e o número de técnicos asistentes adecuarase ao custo, complexidade do sistema ou equipo e en calquera caso deberá conseguir o pleno rendemento funcional do equipo cos profesionais usuarios deste.

B.4. GARANTIAS E SERVIZO TÉCNICO

Parte esencial da adquisición será a garantía do equipo desde a formalización da compra ata mínimo 2 anos despois da posta en funcionamento do Centro, momento que será notificado ás casas provedoras. A garantía incluírá:

- a substitución do equipo en caso de vicios ou defectos importantes (materiais e de funcionamento).
- Mantemento preventivo programado: revisión periódica de seguridade e control de funcionamento, axustes, calibracións e outras operacións necesarias para o correcto funcionamento do equipo.
- Todas as operacións correctivas necesarias para a reparación de avarías e defectos, incluídas todas as pezas de recambio.

Así mesmo, están incluídos todos os custos e gastos de desprazamento do persoal do servizo de mantemento.

O adxudicatario entregará ao Centro as follas das revisións nas cales se especificarán as pezas substituídas coas súas referencias e detallaranse as intervencións realizadas, así como as pezas substituídas.

O adxudicatario comunicará ao Centro as datas das operacións de mantemento preventivo con suficiente antelación acordándose o horario en función da actividade do servizo onde se sitúa o equipo.

As revisións e reparacións realizadas ao equipo durante o período de garantía realizaranse no lugar onde estea instalado o equipo. A dirección do Centro autorizará se é o caso, a reparación fóra do edificio, logo da xustificación.

Para o caso de que o tempo de parada exceda de 24 horas o equipo, cando mediara solicitude da Dirección do Centro, deberá ser substituído por outro de iguais características.

O compromiso de demora na resposta técnica ante unha solicitude de asistencia ou de subministro de reposto en ningún caso poderá ser superior a 12 horas en días laborables e 48 horas en días festivos. De ser o caso, o tempo máximo de substitución será de 72 horas.

Os adxudicatarios comprométese a que todos os traballos de mantemento serán efectuados por persoal especializado da empresa.

As empresas adjudicatarias, faranse cargo, sen custo ningún para o Centro, da retirada, unha vez causen baixa, e xestión dos residuos á finalización da vida útil dos equipos ofertados conforme ao estipulado no Real decreto 208/2005, de 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

B.5. REPOSTOS

O adjudicatario adquire o compromiso firme de dispoñibilidade de repostos durante a vida do equipo.

4. COMPOSICION DO CONTRATO: EQUIPOS, UNIDADES E IMPORTES DE LICITACION

No ANEXO A indícase a composición de cada lote, os equipos que integran cada un dos lotes, as unidades a subministrarse de cada equipo e os prezos de licitación totais de cada lote.

Será obrigatorio licitar ao lote completo e non se admitirán aquelas ofertas que non inclúan a totalidade dos artigos que o integran e a cantidade destes.

5. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

As especificacións técnicas mínimas dos equipos a adquirir recóllense no ANEXO A adxunto ao presente prego. As medidas ou rangos utilizados teñen carácter orientativo ou aproximado. As empresas licitadoras deberán ofertar equipos que cumpran as especificacións técnicas mínimas que se establecen.

Se algunha das especificacións determina unha marca ou modelo exclusivo, será tomada unicamente como guía ou orientación para a presentación de ofertas, sen que o feito de non axustarse exactamente sexa causa de exclusión previa.

O presente prego así como o de cláusulas administrativas particulares, será incorporado como parte do contrato que se subscriba cos adjudicatarios.

ANEXO A. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPOSLOTE 1: EQUIPAMENTO PARA QUIRÓFANO INTEGRADO DE ALTAS PRESTACIÓNS

1. Descrición

Quirófano multidisciplinar para cirurxía endoscópica minimamente invasiva de Alta Definición (valorarase especialmente tecnoloxía FULL HD, 1920x1080 píxeles) que permita o tratamento avanzado de imaxe e que incorpore un **sistema de control de equipos médicos** mediante software para o manexo remoto dos equipos de endoscopia a través de pantalla táctil.

Incorporará os centros de control, comunicacións e sistemas de información necesarios para a súa plena integración.

Debe cumprir coas normativas CEI 60601-1, UL 60601-1, CAN/CSA C22.2 No.601.1 e CEI 60601-1-2.

O quirófano integrado incorporará:

- Sistema de captura en alta definición de imaxe, vídeo e audio compatible mediante os protocolos estándar DICOM y HL7.
- Sistema de Videorouting (*alta definición + definición estándar*) que permita ao cirurxián mediante unha pantalla táctil a decisión de que é o que quere ver en cada pantalla e monitor conectados ao sistema, así como que é o que se manda ao exterior a través do sistema de comunicacións. Ademais o sistema debe controlar as entradas dos monitores, de maneira que aínda que se manden sinais diferentes ao monitor, a entrada de sinal cambie automaticamente e quede garantida a visualización das imaxes coa calidade nativa que teña cada equipo de imaxe ou fonte.
- Sistema de Control de Periféricos, tales como equipos que interveñen durante a cirurxía, pero que non son equipamento médico como tal (cámara ambiente, audio propio do quirófano, teléfono, monitores, luces ambiente, videoconferencia, comunicación bidireccional, etc.)
- Sistema de Comunicacións, Mans Libres e Control de Audio
- Cámara Ambiente Robotizada e Integrada no Quirófano, que permita manexo mediante control remoto e que estea integrada no sistema de routing de Vídeo.
- Panel de Conexións Auxiliares con entradas de Vídeo onde se conecten os sinais dos distintos equipos de forma que estes queden integrados no sistema de routing e se poidan dirixir ás distintas pantallas. Unha vez que un sinal de vídeo quede integrado debe poder verse en calquera das pantallas, debe permitir poder tomar fotografías e vídeos desas imaxes e almacenalas no sistema de documentación e debe poder ser enviado a tanto á sala de CMI como á sala de reunións do mesmo Centro para realizar a comunicación bidireccional.
- Panel técnico a parede con pantalla de 42" e posto de control de enfermería (pantalla táctil fóra da área estéril).
- Lámpada indicadora "on air" de conexión en directo dentro do quirófano que advirta cando se estea enviando unha imaxe ao exterior do quirófano.
- Sistema de Videoconferencia de comunicación que permita comunicar o quirófano con calquera quirófano do mundo cun sistema de videoconferencia xa sexa a través de liñas RDSI ou comunicación vía IP.
- Comunicación bidireccional de vídeo e audio coa sala de reunións do mesmo centro e unidireccional coa sala de CMI.

2. Equipamento mínimo desexado:

A. EQUIPAMENTO DE ENDOSCOPIA DE ALTA DEFINIÇÃO

- **Sistema de Videoendoscopia Alta Definición** composto por:
 - Procesador electrónico e dixital de vídeo de Alta Definición con captura de imaxe e vídeo e compatible con cabezais de cámara dixital de 1 e 3 CCD
 - Cabezal de Cámara de Alta Definición de 3 CCD somerxible e esterilizable por gas.
- **Equipo de Fonte de Luz** fría de Xenon de potencia lumínica 300 W, de alta definición integrado no sistema de control.
- **Cable de Luz Fría** de iluminación por fibra óptica de 4,8 mm de diámetro e polo menos 250 cm. de lonxitude compatible con calquera óptica do mercado. Somerxible en líquidos desinfectantes, esterilizable en gas oxido de etileno e autoclaveable.
- **Insuflador de laparoscopia** de gas electrónico e dixital, potencia de insuflación de polo menos 30l/m. Con filtros de protección antirretorno de líquidos e filtros de fumes anticontaminantes e limitador electrónico de fluxo e presión, parada automática en caso de sobrepresión.
- **2 Monitores TFT de Alta Definición de 24"** con cumprimento de todos os requisitos e normas para aplicacións médicas. Debe admitir todo tipo de sinais analóxicos e dixitais e incluír tecnoloxía de escaneado progresivo que permita mostrar todo tipo de imaxes de alta definición.

Deben dispoñer de norma universal VESA 75 / 100 para a súa colocación en brazos portamonitores suspendidos do teito.

- **1 Monitor TFT de Alta Definición de 24"** con cumprimento de todos os requisitos e normas para aplicacións médicas. Debe admitir todo tipo de sinais analóxicos e dixitais e incluír tecnoloxía de escaneado progresivo que permita mostrar todo tipo de imaxes de alta definición.

Con pedestal para a súa colocación en bandexa da columna de cirurxía.

B. SISTEMA DE CONTROL DE EQUIPOS

O sistema de control de equipos xestionará os equipos, automatizará funcións, e deberá detectar e comunicar erros de maneira que no caso de problema se detecte a orixe deste inmediatamente.

Debe permitir configuracións personalizadas para cada doutor, e á súa vez para cada cirurxía, de forma que facilite o traballo de varias disciplinas nun mesmo quirófano.

Proporcionará ferramentas de videorouting interno de quirófano así como control sobre a gravación de datos e imaxes

Estará composto por:

- **Sistema de Control de equipamento médico endoscópico** desde pantalla táctil situada na área estéril e desde pantalla táctil en panel técnico de control (posto de enfermería). Con homologación médica. Con capacidade de traballo simultáneo e independente permitindo control de equipos periféricos. Estará formado por:

- Unidade central de control de integración de equipos médicos e videorouting de quirófano con rexistro de evolución de equipos e preconfiguración de usuarios.
- Pantalla táctil de 19" de control de equipos médicos endoscópicos que permita o intercambio de funcións coa pantalla táctil do panel técnico de control en parede e con capacidade de traballo simultáneo independente de ambas pantallas.

O Sistema será capaz de controlar, como mínimo, os seguintes equipos cirúrxicos:

- Cámara de endoscopia
- Fonte de luz
- Insuflador
- Bomba de Irrigación.

Xunto co Rack de Control e Comunicacions permitirá o control de, como mínimo, os seguintes equipos periféricos:

- Luces ambiente
- Videoconferencia
- Comunicación bidireccional con Sala de Reunións e Unidireccional con sala de CMI
- Monitores
- Matrices (vídeo e audio)
- Cámara ambiente robotizada
- Audio

- **Panel técnico de Control de Equipos empotrado realizado en Corian** que permita a visualización das imaxes en alta definición das intervencións (cámaras de endoscopia e sistema 3D) **composto de :**

- Monitor de alta definición de 42" con certificación médica
- Posto de enfermería con pantalla táctil de control de 19", teclado e rato.
- Patch Panel de tomas auxiliares de sinal audio /vídeo

- **Sistema de Xestión de imaxe dixital e información clínica asociada**

O quirófano integrado irá dotado dun sistema dixital de adquisición, edición, captura de imaxe, vídeo dixital, datos e audio en alta definición con conectividade del HIS e o PACS, mediante protocolos estándar HL7 e DICOM, posibilitando a inclusión de imaxes a súa inclusión no historial ou os informes médicos.

O sistema manexarase desde pantalla táctil do sistema de control, podendo realizarse as capturas directamente desde esta pantalla, desde as teclas do cabezal da cámara.

Debe ofrecer a posibilidade de gravar toda a información en todo tipo de sistemas de almacenamento CDs, DVDs, Memorias USB, Discos duros extraíbles, unidades de rede, etc.

O sistema debe cumprir con todas as directrices e normativas médicas necesarias.

- **Rack de Control e Comunicaci3ns**

Rack de comunicaci3n necesario para a transmisi3n xesti3n de imaxes, control de medios externos (equipos non m3dicos), comunicaci3ns ao exterior, integraci3n das pantallas, e xesti3n de son e demais equipos necesario para o correcto funcionamento do quir3fano integrado. O Sistema contar3, como m3nimo, con:

- Control de V3deo routing
- Control de Audio routing
- Control de luces ambiente
- Control de luces cir3rxicas
- Control de c3maras ambiente robotizadas
- Control de Videoconferencia
- Control de reprodutor de CD
- Control de Tel3fono

O sistema contar3 con illamento el3ctrico dos sinais de v3deo en contacto co paciente e de todos os sinais procedentes do exterior de quir3fano. Cumprir3 con toda a normativa e homologaci3n necesaria para a s3a colocaci3n en quir3fano.

C. EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL

O quir3fano contar3 cos seguintes perif3ricos audiovisuais integrados:

- **C3mara ambiente motorizada manexable desde as pantallas t3ctiles do Sistema de Control** con soporte de parede con gu3a de cables para imaxe ambiente de quir3fano. A imaxe da c3mara quedar3 integrada na matriz de v3deo como unha fonte m3is para poder visualizala nos monitores, enviala a outros destinos, gravala e capturala cos sistemas de xesti3n de imaxe centralizados.
- **Xogo de 2 altofalantes est3reo con sistema de amplificaci3n** para sonorizar o quir3fano integrado. Cor branca para o seu uso en quir3fanos e preparados para a s3a instalaci3n en teito.
- **Micr3fono sen f3os** tipo *headset* completo que funcione como sistema "mans libres" para o cirurxi3n e que garanta a calidade de son nas gravaci3ns e transmisi3ns.
- **L3mpada "ON AIR"**. Sistema de aviso de emisi3n ao exterior en directo.

D. SISTEMA DE COMUNICACI3NS

O quirófano contará cos seguintes sistemas de comunicación integrados nos sistemas de control e xestionados desde pantalla táctil:

- **Interface de Teléfono analóxico** que permita realizar chamadas telefónicas utilizando o sistema de audio do quirófano de modo “Mans libres”.
- **Sistema de videoconferencia LAN (sobre IP) e RDSI** para a comunicación desde o quirófano dentro e fóra do hospital, con imaxe e son bidireccional. O sistema contará con illadores de liñas LAN e RDSI para evitar fugas ou derivacións que poidan chegar a estar en contacto co paciente.
- **Comunicacións con dúas salas do mesmo Centro**

Subministraranse os transmisores e receptores de audio e vídeo, así como transformadores e illadores necesarios para cubrir as seguintes comunicacións:

- **Conexión bidireccional de audio e vídeo coa Sala de Reunións** situada nunha planta máis arriba do quirófano. Para o envío de imaxe e son desde a sala de reunións ata o quirófano e para a monitorización das imaxes procedentes do quirófano subministraranse:
 - unha cámara ambiente
 - un micrófono sen fíos de man.
 - unha pantalla de gran formato de 50” con altofalantes para a monitorización das imaxes procedentes do quirófano con soportes para suspensión en parede.
- **Conexión unidireccional coa Sala de CMI** situada na mesma planta do Centro. Para a monitorización das imaxes procedentes do quirófano subministraranse:
 - unha pantalla de gran formato de 50” con altofalantes para a monitorización das imaxes procedentes do quirófano con soportes para suspensión en parede.

3. Condicións específicas do lote

Na cantidade ofertada para este lote deben estar incluídos os seguintes conceptos:

- Instalación e conexión de equipos, axuste e montaxe, configuración, programación e probas do quirófano.
- Cableado necesario para a conexión dos distintos equipos ofertados (Vídeo, audio, control, sinais informáticos, etc.) e conectores. O cable debe ser libre de halóxenos tal e como obriga a normativa.
- Custos de envío, desprazamentos de persoal e apoio técnico.
- Formación ao persoal facultativo

A instalación e montaxe dos equipos será responsabilidade da empresa adxudicataria.

Todos os elementos de suxeición, ancoraxe, conexión e montaxe que non estean expresamente mencionados en ningún lote do presente prego corren por conta da empresa adxudicataria, así como os accesorios de instalación e montaxe.

LOTE 2: EQUIPAMENTO DE LAPAROSCOPIA AVANZADA

1. Equipamento mínimo desexado

● **Sistema de Visión en 3D** para cirurxía laparoscópica. O equipo debe estar composto polas seguintes unidades:

- Unidade control cámara 3D (Modulo control visión cámara)
- Cabezal Cámara 3D
- Consola (Modulo control visión cascos)
- 3 Cascos Vision 3D
- Cable luz fibra óptica 7.5 ft
- Cable luz fibra óptica 10 ft
- Estereoscopio 0°
- Estereoscopio 30°
- Monitor pantalla plana LCD 19"
- Gravadora DVD
- Luz Xenon
- Insuflador
- Carro sistema
- Compatibilidade quirófanos intelixentes e robóticos

● **Electrobisturí-selador vasos.** Unidade electro-cirúrxica de corrente de Alta Frecuencia multifuncional, deseñada para satisfacer as necesidades de todas as disciplinas cirúrxicas, con regulación progresiva de potencia, incluídas as realizadas en condicións "Baixo auga" (Uroloxía, R.T.U, Etc.), Cirurxía Mínima Invasiva, Endoscopia, etc.

Disporá do sistema para oclusión e selado bipolar de vasos ou feixes de tecidos, sen dano térmico lateral.

- Sistema de selado de vasos de ata 7mm para cirurxía aberta e laparoscopia.
- Gama completa de accesorios de alta calidade:
 - Pinzas reutilizables de selado e corte de vasos e paquetes de tecido de ata 7mm para cirurxía aberta e laparoscópica con puntas de 10 e 5mm.
 - Pinzas de selado sen corte reutilizables.
- 100 posicións de almacenamento de programa individuais de busca alfanumérica e pre visualización para a busca en pantalla.
- Dúas saídas monopolares e dúas bipolares que se poden seleccionar individualmente e nas que podemos colocar calquera tipo de terminal ou pinza monopolar e bipolar.
- Sistema de placa neutra con aviso acústico de alarma e indicador permanente en pantalla, que realiza un control permanente de contacto correcto entre o paciente e a placa neutra de superficie dividida.
- Correntes dúo para a utilización de dous mangos monopolares activos ao mesmo tempo.

- Coagulación monopolar e bipolar con Auto-Start e Auto-Stop.
- Correntes monopolares e bipolares para corte e coagulación en medio líquido.
- Correntes Micro para coagulación bipolar.
- Posibilidade de acoplar módulo de argon e que se manexe desde o propio electrobisturí.

• **Accesorios Electrocirurxía:**

- Pinza para selado e disección de veas, arterias e feixes de tecido orgánico, de 7mm de diámetro, con corte posterior sen cambiar de instrumento. Vástago de 10x370mm e punta recta de 10mm.
- Pinza para selado e disección de veas, arterias e feixes de tecido orgánico, de 7mm de diámetro, con corte posterior sen cambiar de instrumento. Vástago de 10x370mm e punta curvada de 5mm.
- Resto de pincería para o selado de vasos e coagulación para cirurxía laparoscópica:
 - o Disector Maryland
 - o Tesoira bipolar
 - o Pinzas de selado de 5mm de vástago sen corte para lap.

• **Láser NDYag:**

Láser de Neodimium Yag con lonxitude de onda de 1.064nm con aplicacións en distintos campos cirúrxicos.

- Lonxitude de onda de 1.064nm, infravermello, invisible.
- Control por micropocesador.
- Cabezal láser e unidade de alimentación separables.
- Resonador en forma de L con cavidade rechea de cuarzo.
- Cambio rápido e cómodo da lámpada de cripton: non require un reaxuste da unidade óptica (espello).
- Sistema de códigos de error.
- Sistema de calibración de potencias coas fibras e a peza de man.
- Posibilidade de uso de peza de man ou fibras de forma independente.
- Fibras de cuarzo de 260, 400 e 600 micrometros e fibras enxaugadas.
- Dispoñibilidade de accesorios de man para traballar coas fibras.
- Láser pequeno e compacto, altamente móbil e flexible (valorarase tamaño).

• **Sistema Control de Ópticas:**

Brazo robótico para o control e guiado da óptica do equipo de endoscopia. Equipo formado polas seguintes unidades:

- Unidade de control
- Brazo suxeición articulado
- Robot
- Sistema control por pedal e micrófonos wireless

2. **Condições específicas do lote**

A empresa oferente asumirá a configuración dos equipos para a súa adaptación a un quirófano plenamente integrado, asegurando a conexión, compatibilidade e comunicación do equipamento que permita a funcionalidade dos sistemas de control e xestión.

Hase ter en conta ademais os distintos niveis nos que se estructure a citada integración.

Os recursos para a implementación do equipamento dentro dun quirófano integrado considéranse incluídos no prezo final do lote debendo a empresa adxudicataria pola súa propia conta identificar e corrixir as deficiencias do equipamento subministrado para a integración na citada á infraestrutura. O equipamento implementado, non poderá presentar limitacións na súa funcionalidade que incumpran o obxectivo de configurar un quirófano estéril plenamente integrado.

LOTE 3: INSTRUMENTAL DE FETOSCOPIA E ÓPTICAS DE LAPAROSCOPIA

1. **Equipamento mínimo desexado**

- **Set de instrumental de Fetoscopia** composto de:
 - **1 x Minióptica de visión frontal 0°** semi-ríxida, esterilizable en autoclave, ocular separado, con condutor de luz de fibra óptica incorporado. Dirección visual: 0°. Ángulo de abertura: 95°. Lonxitude útil: 30 cm. Diámetro exterior: 2 mm.
 - **1 x Vaina cirúrxica**, con punta roma, 9 Charr., con 2 obturadores, con canal de traballo de tamaño 1 mm, con 1 chave e 1 adaptador LUERLock, para utilizar con miniópticas de visión frontal.
 - **1 x Minióptica de visión frontal 0°**, semi-ríxida, esterilizable en autoclave, ocular separado, con condutor de luz de fibra óptica incorporado. Dirección visual: 0°. Ángulo de abertura: 70°. Lonxitude útil: 30,6 cm. Diámetro exterior: 1,3 mm.
 - **1 x Vaina cirúrxica**, curvada, 10 Charr., con obturador piramidal, con canal de traballo de tamaño 1 mm, con 1 chave e 1 adaptador LUERLock, para utilizar con miniópticas de visión frontal.
 - **1 x Vaina cirúrxica**, curvada, 7 Charr., con 2 obturadores, con canal de traballo de tamaño 1 mm, con 1 chave e 1 adaptador LUER-Lock, para utilizar con miniópticas de visión frontal.
 - **1 x Pinzas ópticas de agarre bipolar**, con mandíbulas planas, dentadas, tamaño 2,4 mm, lonxitude 24,5 cm, compostas de Mango, con vaina exterior e Inserto de traballo, dentado, envase de 5 Unidades.
 - **1 x Pinzas de agarre bipolar TAKE-APART®**, mandíbulas planas, tamaño 2,4 mm, lonxitude 26 cm, compostas de Mango, Vaina exterior, Inserto de traballo, envase de 5 unidades.
 - **2 x Cable de alta frecuencia bipolar**, con chaveta banana 2x4 mm para coagulador, lonxitude 300 cm.

- **1 x Pinzas de biopsia**, semi-ríxido, abertura unilateral, 3 Charr., lonxitude 25 cm.
- **1 x Sonda palpadora**, con marcas de cm, con canal de irrigación, 3 mm Ø, lonxitude 40 cm, con adaptador LUER-Lock, con obturador romo.
- **2 x Trocar**, tamaño 2,6 mm, lonxitude 13 cm, composto de Punzón de trocar, só, con punta piramidal e Camisa de trocar, lonxitude 13 cm, con conexión LUER-Lock e Válvula de labios de silicona.
- **1 x Micromanipulador de ALKEN**, para acoplar ao canal de instrumentos, para instrumentos de ata 5 Charr., permite a inserción e fixación precisas de fibras láser ou instrumentos, avance en pasos de 1/10 mm.
- **1 x Contedor de plástico**, para esterilización e almacenamento de xogos de instrumental, con tapa transparente, con base de silicona e perforación, almacenamento dun nivel, dimensións interiores (An x F x Al): 525 x 240 x 50 mm.

- Instrumental de **Ópticas de Laparoscopia:**

- **1 x Cable de Luz de Fibra Óptica**
- **3 x Óptica de Laparoscopia de 0° - 10MM**

Óptica visión frontal de 0°, diámetro externo de 10mm, visión panorámica e gran angular. Somerxible en líquidos desinfectantes, esterilizable en gas óxido de etileno, peróxido de hidróxeno e autoclavable, con sistema de conexión múltiple a calquera cable e fonte de luz.

- **1 x Óptica de Laparoscopia de 0° - 5MM**

Óptica visión frontal de 0°, diámetro externo de 5mm, visión panorámica e gran angular. Somerxible en líquidos desinfectantes, esterilizable en gas óxido de etileno, peróxido de hidróxeno e autoclavable, con sistema de conexión múltiple a calquera cable e fonte de luz.

- **1 x Óptica de Laparoscopia de 30° - 5MM**

Óptica visión frontal de 30°, diámetro externo de 5mm, visión panorámica e gran angular. Somerxible en líquidos desinfectantes, esterilizable en gas óxido de etileno, peróxido de hidróxeno e autoclavable, con sistema de conexión múltiple a calquera cable e fonte de luz.

LOTE 4: EQUIPAMENTO ÁREA DE CIRURXÍA MINIMAMENTE INVASIVA (CMI)

1. *Equipamento mínimo desexado*

- **4 postos completos de laparoscopia de alta definición**, compostos polas seguintes unidades:

- 4 Carros ergonómicos de transporte, estreitos para endoscopia, con freos. Brazos necesarios para aproximarse ao campo cirúrxico a demanda do cirurxián e brazos necesarios para monitores auxiliares de visión. Que inclúa soporte de cámara, de bombona de CO2 e de soro.
- 4 Monitores médicos, como mínimo de 21", de alta definición, que admita todo tipo de sinais analóxicos e dixitais. Resolución de 1920 x 1200.
- 4 Videoprocesadores de alta definición, mínimo 1080p, compatibles con todos os endoscopios ríxidos e flexibles, con módulo de captura de imaxes que permita gravalas e imprimilas. Función de imaxe fixa para conxelación de imaxe. Optimizado para traballar con fibroscopios.
- 4 Cabezais de cámara de alta definición 1080p, esterilizables en autoclave a 134°, somerxibles e esterilizables por gas.
- 4 Fontes de luz Xenon 300W compatible con alta definición 1080p, intensidade de luz regulable.
- 4 Insuflador de CO2, con sistema de evacuación e filtros de fumes anticontaminantes, con potencia mínima de insuflación de 30l/m, con sistema de quentamento de gas que evite o risco de arrefriamento peritoneal. Limitador electrónico de fluxo e presión con parada automática en caso de sobrepresión.
- 4 xogos de tubos para insuflación de CO2
- 4 Tubos flexibles ou latiguillos de alta presión CO2
- 4 Electrobisturís: Corte e coagulación monopolares e bipolares. Graos de coagulación preseleccionables. Corte regulado por tensión. Posibilidade de uso con pedal.
- 4 Pedais con corte e coagulación
- 4 Cables de H.F para instrumentos bipolares e 3 cables de H.F para instrumentos monopolares
- 4 Mangos e 3 cables de H.F para mangos
- 4 Electrodo bisturí.
- **4 pelvitainers para laparoscopia** con placa de cuberta para sutura, para técnicas de sutura avanzadas.

32. LOTE 5: EQUIPAMENTO DE SOPORTES, ILUMINACIÓN, MESA CIRÚRXICA E ANESTESIA

1. Equipamento mínimo desexado

- Requírese para a área de quirófano estruturas e **sistema de soportes brazos para posicionamento ergonómico do equipamento** de quirófano integrado composto por:

a) Ancoraxe 1 de dobre eixe composto por:

- Columna de soporte para cirurxía composta de ancoraxe ao teito con dobre brazo articulado dotada de, polo menos, 1 toma de aire medicinal, 1 toma de baleiro, 1 toma de CO₂, 1 toma de aire motor, 10 tomas eléctricas, 10 tomas de terra, 2 tomas RJ45, 4 bandexas e 1 caixón.

- Módulo de soporte para monitor TFT de 24", composto de brazo de extensión e brazo resorte tipo AC3000 preparado para cableado de fibra óptica.

- Cúpula de lámpada cirúrxica con tecnoloxía LED

b) Ancorado 2 de eixe único composto por:

- Cúpula Cirúrxica con tecnoloxía LED con integración de cámara de cirurxía

- Cámara de cirurxía aberta con sinal de saída S-Vídeo

- Módulo de soporte para pantalla táctil de control de 19", composto de brazo de extensión e brazo resorte tipo AC2000.

- Módulo de soporte para monitor TFT de 24", composto de brazo de extensión e brazo resorte tipo AC3000 preparado para cableado de fibra óptica.

c) Ancorado 3 de eixe único composto por

- Columna de soporte de equipo de anestesia con elevación composta por ancorado no teito, dobre brazo articulado con dotación de, polo menos, 1 toma de aire medicinal, 1 toma de baleiro, 2 tomas de O₂, 1 toma de protóxido, 1 toma de evacuación de gases anestésicos, 6 tomas eléctricas, 6 tomas de terra, 2 tomas RJ45 e unha bandexa con caixón.

- Requírese para a área de CMI 4 lámpadas semicirúxicas portátiles (de solo, con rodas) de 90.000 a 150.000 lux regulables. Con filtro de calor, con filtro de Color, (4.300K°), para 220V/50Hz. Equipadas con filtros especiais para luminosidade exenta de sombras.
- Requírense **4 estacións completas de anestesia**, 3 delas para dotación da área de CMI e unha delas para instalación no ancorado 3 do quirófano integrado, que contén, cada unha delas con:

a) Máquina de anestesia coas seguintes características

- Principio de Control del Ventilador: Pistón controlado electronicamente, accionado electricamente.
- Modos Ventilatorios: IPPV, PCV e manual / espontánea. Presión de soporte e SIMV.
- Monitorización ventilador: Pantalla Luminiscente Fluxo e Paw
- Monitorización de valores en pantalla: MV, f, Vte, PEEP, Pmean, Ppeak, Pplat, Outros parámetros: Fugas, Frecuencia, Niveis de alarmas, Tempo de alarma en apnea.
- Volume Tidal (VT): 20 a 1400 mL
- I:E (IPPV): 1:4 a 4:1
- Límite de Presión (Pmáx): 15-70 mbar
- PEEP: 0 a 20 mbar
- Frecuencia de Ventilación: 4 a 60 bpm
- Pausa inspiración (Pins): 6 – 60 mbar
- Fluxo de inspiración: 10- 75 L/min
- Volume do sistema de ventilación compacto total: 2,8 litros + bolsa
- Funcións de seguridade integradas: En caso de fallo eléctrico e de gases, posible a ventilación a 21% O₂.
- Rotámetros de O₂, N₂O e Aire, con O₂ de emerxencia
- Vaporizador de sevoforane
- Baterías de respaldo de 45 minutos mínimo.

- Entradas e saídas dixitais. Sistema de arquitectura aberta (posibilidade de conexión a estándares HL7)

b) Monitorización anestésica coas seguintes características:

- ECG, (3,5 e 6 derivacións)
- Respiración
- SpO2
- Presión arterial non invasiva
- 2 Temperaturas
- axentes anestésicos
- Capnografía
- Opcional Presión invasiva
- Análise de arritmias
- Recuperación de eventos
- Monitor de 21 cm
- Pantalla configurable automaticamente

- Requírese adicionalmente o seguinte equipamento

a) 1 desfibrilador para a xestión avanzada das emerxencias, de tecnoloxía bifásica con onda exponencial truncada, compensada en función da impedancia do paciente, pantalla LCD, monitorización ECG coas placas ou cable paciente, impresora térmica alta resolución incorporada, control do desfibrilador e da impresora directamente desde as pas, pas pediátricas integradas, funcionamento a rede, baterías internas recargables ou coa batería externo do vehículo, capacidade de batería: máis de 120 descargas a 200J: máis de 150 min. De monitorización

b) 1 xogo de pas internas para desfibrilador

- c) 1 carro de urxencias e parada cardíaca en aceiro inoxidable, caixóns con separacións, táboa de parada, rodas xiratorias con parachoques, dúas con freo.

2. **Condicións específicas do lote**

Deberá ser subministrado a ancoraxe ao soporte así como a ancoraxe ao forxado.

Deberán ser subministradas as cúpulas cirúrxicas.

Non deberán ser subministrados os monitores e pantallas, xa contemplados no lote 1 de Quirófano Integrado.

- Requírense para dotación dos 4 postos de traballo da área de CMI e do quirófano integrado **5 mesas cirúrxicas eléctricas** de superficie libro de 150x60cm, 4 rodas na base, altura regulable desde 75 ata 105 cm., sistema Tremdelemburg, alimentación 24V, mediante transformador desde 220V, actuador eléctrico

33. LOTE 6: EQUIPAMENTO DE SIMULACIÓN

1. **Equipamento mínimo desexado**

- **1 Simulador de cirurxía de mínima invasión** que se compoña de:
 - Sistema básico simulador, con ordenador, teclado, rato incorporado, pantalla táctil plana de 19" pulgadas e puntos de inserción de instrumental.
 - Dous disectores, dous portaagullas, pedal para activación de electrobisturí simulado e cámara endoscópica.

Requírese sensibilidade háptica en todo o instrumental laparoscópico.

A configuración básica incluirá:

- Módulo de habilidades básico para procedementos laparoscópicos básicos con niveis de dificultade crecente.
- Módulo básico de procedementos de colecistectomía, que incorpore niveis titoriais.
- Módulo de colecistectomía laparoscopia completa, que achegue casos distintos, baseados en modelos creados a partir de imaxes de pacientes reais.

O equipo incluirá as opcións que se detallan:

- Módulos de sutura, básico e avanzado
- Módulo de hernia incisional
- Módulo de bypass gástrico
- Módulo Colorectal-Sigmoidectomía

- Módulo Laparoscopia Ginecológica-Salpingostomia

- **1 Simulador de formación endoscópica no ámbito da uroloxía que inclúa** manequín, pantalla LCD táctil plana de 17 pulgadas e que teña como instrumentos útiles:

- Broncoscopio Pentax 8F funcionando como ureteroscopio flexible e cistoscopio flexible.
- Ureteroscopio 12F ríxido
- Cistoscopio 24F ríxido
- 1 Manexo de instrumentos
- 1 Manexo de forceps
- 3 Dispositivos de posicionamiento de guía
- 2 Pedais para instrumentos de operacións fluoroscópicas.

O procesador incorporará casos prácticos: con tarefas didácticas que incrementen o grao de dificultade con fin de familiarizarse co sistema anatómico urinario, para adquirir as habilidades necesarias para optimizar os procedementos endourolóxicos; e que permitan a manipulación de cálculos, (diferentes casos de pacientes virtuais que proporcionen adestramento en tratamentos endoscópicos de urolitiasis e adestramentos uretrais severos).

O procesador será de modo dirixido: para a xestión e a administración de talleres, centros de adestramento e programas de formación, con fácil presentación do seguimento de formación a nivel individual e a grupos así como os programas de adestramento. E que subministre a opción de asignar titores e/ou exames así como a revisión dos resultados obtidos.

- **1 Simulador para adestramento médico en procedemento de acceso percutáneo**, baixo fluoroscopia en tempo real para traballar engadido ao simulador de uroloxía endoscópica descrito no punto anterior e que teña como instrumento útiles:

- 2 cartuchos intercambiáveis capaces de facer prácticas en pacientes normais ou en pacientes obesos así como o acceso ao ril esquerdo ou dereito.
- 2 agullas de 15 e de 21 cm.
- 3 dispositivos de posicionamiento de guía
- 2 pedais para uso de instrumentos e operacións de fluoroscopia.

O procesador incorporará como casos prácticos 6 tarefas básicas co fin de obter as habilidades e procedementos necesarios para conseguir accesos percutáneos renais, que presenten imaxes en tempo real de forma fluoroscópica. Incorporará diferentes casos de pacientes normais e obesos virtuais para o adestramento para accesos renais percutáneos.

34. LOTE 7: EQUIPAMENTO ADICIONAL

1. Equipamento mínimo desexado

- **1 Ecógrafo 3D** con opción de 4D coas seguintes características:
 - Equipo de alto rendemento e facilmente transportable.

- Con software de 3D e 4D
 - Pantalla mínima 16"
 - Saída DICOM
 - Modo harmónico
 - Sonda lineal de alta frecuencia e convex
 - Doppler-color;
 - Opcionais: sonda transvaxinal e laparoscópica
- **1 Lavadora** de 1 porta con secado coas seguintes características:
 - Control por microprocesador
 - 40 programas de lavado
 - Cámara, brazos de lavado e filtros en aceiro inoxidable
 - Secado por aire quente
 - Equipada con 3 bombas dosificadoras de produtos químicos
 - Equipado con condensadores de vapor
 - Rack lavado 2 niveis MIC para material de microcirurxía e material canulado
 - Cesta para instrumental tubulado e ópticas rixidas
- **1 Autoclave a vapor** coas seguintes características:
 - 75 litros
 - Control por microordenador
 - Impresora de datos de proceso
 - Baleiro por exector/economizador de auga
 - Entrada sondas de validación
 - Programas:
 - ✓ Test de baleiro
 - ✓ Test de Bowie-Dick
 - ✓ Estándar a 121°C
 - ✓ Rápido a 134°C
 - ✓ Estándar a 134°C
 - ✓ Contedores a 134°C
 - ✓ Especial P a 134°
 - Plafóns laterais
 - Xerador de vapor de 9Kw
 - Compresor de aire integrado
 - Mínimo medidas útiles cámara: 340 x 340 x 645 mm
 - Bandexa interior de carga con asas
 - Cesta de carga apilable dun mínimo de 580 x 300 x 140mm
 - Arqueta sinfónica de desaugadoiro en inox
- **1 Cámara refrixeradora** para o almacenamento de órganos e cadáveres de animais. Tamaño mínimo: Ancho 163 cm, Fondo 66 cm Altura 88,5 cm.
- **2 Equipos de rasuración esquiladora** para ovinos e porcos. De fácil manexo, con cambio rápido de cabezal de corte, a motor con alimentación de rede con polo menos dous niveis de potencia.

Orzamento máximo de licitación desagregado por lotes: (IVE non incluído)

	DESCRIPCIÓN	IMPORTE TOTAL SIN IVA
1	EQUIPAMENTO PARA QUIRÓFANO INTEGRADO DE ALTAS PRESTACIÓNS	290.000,00 €
2	EQUIPAMENTO DE LAPAROSCOPIA AVANZADA	272.000,00 €
3	INSTRUMENTAL DE FETOSCOPIA E ÓPTICAS DE LAPAROSCOPIA	40.000,00 €
4	EQUIPAMENTO ÁREA DE CIRURXÍA MÍNIMAMENTE INVASIVA (CMI)	268.000,00 €
5	EQUIPAMENTO DE SOPORTES, ILUMINACIÓN, MESA CIRÚRXICA E ANESTESIA	235.000,00 €
6	EQUIPAMENTO DE SIMULACIÓN	300.000,00 €
7	EQUIPAMENTO ADICIONAL	80.000,00 €
TOTAL		1.485.000,00 €

Luisa Pena Nieto

Directora

Parque Tecnológico de Galicia, S.A.